

INFORME DE RESULTADOS

*Enquisas de avaliación do
ITINERARIO FORMATIVO virtual
de xénero (1ª edición)*

ÍNDICE

a. Introducción

b. Datos de participación no ITINERARIO FORMATIVO virtual en xénero

I. Matrículas

II. Persoas que acadaron o certificado de finalización do curso

III. Persoas matriculadas fronte a persoas que finalizaron a formación

c. Preguntas do formulario

I. Nome do curso

II. Sexo das persoas participantes

III. Vinculación coa universidade

III. Duración das actividades formativas

IV. Avaliación da utilidade da actividade

V. Grao en que cumpriu as expectativas

VI. Valoración da estrutura do curso e da plataforma OpenEdX

VII. Grao de interese por completar a formación con conferencias en liña con persoas expertas en xénero, vídeos ou clubs de lectura de libros

VIII. Calificación xeral do itinerario

d. Conclusións finais e respostas abertas

a. Introducción

«Facía tempo que estaba buscando matricularme en cursos desta temática e que sexa un MOOC para o alumnado e gratuito é o mellor que se podía pedir.»

Comentario dunha participante do Itinerario

O ITINERARIO FORMATIVO virtual en xénero é un recurso formativo elaborado pola Unidade de Igualdade e a Área de Formación e Innovación Educativa, as cales deseñaron un itinerario formativo conformado, inicialmente, por nove cursos formativos elaborados por varias das expertas en xénero da Universidade de Vigo, xunto con outras académicas externas a propia universidade. Esta iniciativa puido materializarse grazas ao apoio da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, quen canalizou os fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para poder elaborar este Itinerario.

Na primeira edición deste Itinerario, que se desenvolveu entre abril e xuño do ano 2020, ofertáronse seis cursos deste Itinerario. Os resultados que se amosan neste informe son de carácter orientativo, xa que as enquisas que se desenvolveron na primeira edición do ITINERARIO FORMATIVO virtual en xénero foron voluntarias e se podían contestar en calquera momento da formación.

A fin última destas enquisas de satisfacción entre as persoas inscritas a este Itinerario Formativo virtual en xénero é coñecer a opinión e avaliación do Itinerario en xeral, dos seus contidos, da plataforma que o aloxa e tamén da valoración de cada un dos seis cursos ofertados nesta primeira edición.

Outro obxectivo fundamental da avaliación que a continuación se presenta é detectar as necesidades formativas no eido da igualdade entre mulleres e homes entre a nosa comunidade

universitaria. Para elo, inseriuse unha pregunta onde se pedía suxestións sobre novas temáticas e cursos a desenvolver ou sobre novos recursos didácticos que se puideran demandar.

En definitiva, o ITINERARIO FORMATIVO virtual en xénero naceu como unha aposta polo fomento da formación e docencia con perspectiva de xénero no ensino superior a fin de acadar maiores cotas de excelencia académica na nosa Universidade. Con elo, deuse cumprimento aos puntos 1.1.3, 1.1.4, 1.1.9 e 1.1.15 que sinala o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, unha das ferramentas fundamentais para erradicar a violencia contra as mulleres na nosa sociedade. Por outra banda, tamén deuse resposta á demanda masiva de formación en xénero dentro da nosa comunidade académica, tanto por parte do alumnado, como tamén do profesorado e o persoal de administración e servizos. Este feito amosa a interese das persoas que conforman a Universidade de Vigo da aposta pola excelencia e a loita por un mundo máis xusto e igualitario.

A finalidade última deste itinerario é contribuír á construción dunha nova epistemoloxía social que sirva para realizar sólidas críticas ao modelo patriarcal e así dar paso a un novo pacto social que altere as estruturas de poder desiguais, a fin de alcanzar unha sociedade cimentada nos alicerces da equidade e os dereitos humanos.

b. Datos de participación no ITINERARIO FORMATIVO virtual en xénero

O número de persoas preinscricas no Itinerario ascendeu a 1257 persoas. Como soe ser habitual na formación masiva o número de matrículas non se materializa en persoas que superen as formacións. A continuación comprobaremos que o comportamento dos cursos desenvolvidos segue esa tendencia.

I. Persoas que se matricularon ás formacións

	Nº	%
1. Introducción á perspectiva de xénero	350	27,84 %
2. Educación afectivo-sexual	234	18,62 %
3. Economía de xénero	181	14,40 %
4. <i>La sostenibilidad de la vida en el centro</i>	147	11,69 %
5. O acoso e o acoso en función do sexo. Unha xustiza invisible	160	12,73 %
6. A perspectiva de xénero na educación	185	14,72 %
<i>Total</i>	<i>1257</i>	<i>100%</i>

II. Persoas que acadaron o certificado de finalización do curso

	Nº	%
1. Introducción á perspectiva de xénero	222	28,50 %
2. Educación afectivo-sexual	156	20,03 %

3. Economía de xénero	109	13,99 %
4. <i>La sostenibilidad de la vida en el centro</i>	83	10,65 %
5. O acoso e o acoso en función do sexo. Unha xustiza invisible	102	13,09 %
6. A perspectiva de xénero na educación	107	13,74 %
<i>Total</i>	<i>779</i>	<i>100 %</i>

III. Persoas matriculadas fronte a persoas que finalizaron a formación

Unha media de 62 % persoas remataron a formación na que se matricularon.


	Matrícula	Certificado	%
1. Introducción á perspectiva de xénero	350	222	0,63 %
2. Educación afectivo-sexual	234	156	0,67 %
3. Economía de xénero	181	109	0,60 %
4. <i>La sostenibilidad de la vida en el centro</i>	147	83	0,56 %
5. O acoso e o acoso en función do sexo. Unha xustiza invisible	160	102	0,64 %
6. A perspectiva de xénero na educación	185	107	0,58 %
<i>Total</i>	<i>1257</i>	<i>779</i>	<i>0,62 %</i>

c. Preguntas do formulario

A continuación, se presenta a análise dos perfís sociolóxicos e das opinións das persoas que cursaron este Itinerario, a fin de coñecer as características e apreciacións do alumnado respecto a formación ofertada nesta primeira edición do ITINERARIO FORMATIVO virtual en xénero .

I. Nome do curso


	Nº	%
1. Introducción á perspectiva de xénero	247	49,70 %
2. Educación afectivo-sexual	75	15,09 %
3. Economía de xénero	49	9,86 %
4. La sostenibilidad de la vida en el centro	32	6,44 %
5. O acoso e o acoso en función do sexo. Unha xustiza invisible	44	8,85 %
6. A perspectiva de xénero na educación	50	10,06 %
<i>Total</i>	497	100%



Neste gráfico pódese observar o número de persoas matriculadas en cada un dos cursos propostos nesta primeira edición do ITINERARIO FORMATIVO. Como pode comprobarse, o curso que máis persoas matriculadas tivo foi o de Introducción á perspectiva de xénero. Isto debeuse a que era un curso introdutorio e que se aconsellou realizalo antes de acceder ás demais formacións de xénero.

II. Sexo da persoa participante


	Nº	%
1. Muller	444	89,34 %
2. Home	49	9,86 %
3. Outro	4	0,80 %
Total	497	100%



En xeral, na formación en xénero a maior presenza de alumnado feminino fronte ao masculino é unha constante. Nesta primeira edición do ITINERARIO obsérvase tamén esta realidade que a distribución por sexo das persoas inscritas amosa que esas diferenzas son menores que noutras ofertas educativas similares, onde a presenza de mulleres alcanza o 89,34 %. Nese senso, este dato é unha boa nova para a igualdade polo número significativo de homes da nosa comunidade académica que optaron por formarse neste ámbito da igualdade.

III. Vinculación coa universidade

	Nº	%
1. Alumnado	211	42,45 %
2. PDI	98	19,72 %
3. PAS	32	6,44 %
4. Outra vinculación	156	31,39 %
Total	497	100 %




Como se observa neste gráfico, o 42,5 % das persoas inscritas proveñen do alumnado da Universidade de Vigo, o que amosa o interese das novas xeracións pola formación en xénero. O seguinte grupo máis numeroso corresponde a categoría «outros» que se refire a persoal investigador da nosa universidade, un elemento moi positivo pois resulta un indicador do proceso de incorporación da perspectiva de xénero nas actividades de investigación e transferencia de coñecementos na nosa Universidade. Case o 20 % das persoas inscritas proveñen do colectivo PDI, o que supón a importancia significativa para as nosas expertas e expertos da docencia con perspectiva de xénero e garante que este tipo de contidos comeza a estar presente nas actividades de docencia nos graos e posgraos da Universidade de Vigo. Finalmente, o grupo máis minoritario pertence ao Persoal de Administración e Servizo, é posible que froito da percepción da falta de utilidade directa no seu día a día deste tipo de formación.

Neste gráfico apréciase o gran interese por ampliar a necesidade de formación e xénero entre as persoas que realizaron este Itinerario, o que garante que seguir ampliando a oferta de novos cursos, pode ser moi ben acollida pola comunidade universitaria, moi interesada en seguir afondando na inclusión da perspectiva de xénero á hora de analizar e reflexionar sobre a realidade social actual.

III. Duración da actividade

	Nº	%
1. Moi mal	7	1,41 %
2. Mal	1	0,20 %
3. Regular	18	3,62 %
4. Ben	185	37,22 %
5. Moi ben	286	57,55 %
Total	497	100 %


En relación a estimación sobre a duración de cada un dos cursos do Itinerario, de novo se obteñen excelentes apreciacións que de novo indican que, tanto a estrutura como os contidos desta formación en xénero resultan moi adecuadas por parte do alumnado inscrito.



IV. Avaliación da utilidade da actividade

	Nº	%
1. Moi mal	9	1,81 %
2. Mal	4	0,80 %
3. Regular	24	4,83 %
4. Ben	155	31,19 %
5. Moi ben	305	61,37 %
Total	497	100 %


En relación a avaliación sobre a duración de cada un dos cursos do Itinerario, de novo se obteñen excelentes apreciacións que de novo indican que, tanto a estrutura como os contidos desta formación en xénero resultan moi adecuadas por parte do alumnado inscrito.



V. Grao en que cumpriu as expectativas

	Nº	%
1. Moi mal	14	2,82 %
2. Mal	7	1,41 %
3. Regular	35	7,04 %
4. Ben	175	35,21 %
5. Moi ben	266	53,52 %
Total	497	100 %


Neste gráfico é moi destacable a ampla avaliación positiva da utilidade desta formación polas persoas que están inscritas nesta Primeira Edición do Itinerario. En efecto, máis do 88 % califica cun “moi ben” ou “ben” a utilidade da formación desplegada, o que amosa a puntuación máxima sobre os contidos do Itinerario entre o seu alumnado.



VI. Valoración da estrutura do curso e da plataforma OpenEdX


a. Valoración da estrutura do curso

	Nº	%
1. Moi mal	9	1,81 %
2. Mal	0	0,00 %
3. Regular	13	2,62 %
4. Ben	156	31,39 %
5. Moi ben	319	64,19 %
Total	497	100 %



b. Valoración da plataforma OpenEdX

	Nº	%
1. Moi mal	12	2,41 %
2. Mal	0	0,00 %
3. Regular	28	5,63 %
4. Ben	177	35,61 %
5. Moi ben	280	56,34 %
Total	497	100 %




Nestes dous gráficos pódese observar a percepción moi positiva por parte das persoas inscritas no Itinerario, tanto da estrutura adaptada por cada un dos cursos do Itinerario como pola elección da estrutura da plataforma *OpenEdX* para insertar aos mesmos. A estrutura foi deseñada en consonancia coa aprendizaxe masiva e consistiu no desenvolvemento de píulas polimedia, contidos didácticos elaborados polo profesorado e avaliacións de contidos.

VII. Grao de interese por completar a formación con conferencias en liña con persoas expertas en xénero, vídeos ou clubs de lectura de libros

	Nº	%
1. Non	71	14,29 %
2. Éme indiferente	79	15,90 %
3. Si	347	69,82 %

Total 497 100 %




Neste gráfico apréciase a grande interese por ampliar a necesidade de formación en xénero entre as persoas que realizaron este Itinerario, polo que seguir ampliando a oferta de cursos con diferentes temáticas será ben acollido pola comunidade universitaria, moi interesada en seguir afondando na inclusión da perspectiva de xénero á hora de analizar e reflexionar sobre a realidade social actual.

VIII. Calificación xeral do itinerario

	Nº	%
4. Moi mal	27	5,43 %
5. Mal	6	1,21 %
6. Regular	24	4,83 %

7. Ben	169	34,00 %
8. Moi ben	271	54,53 %
Total	497	100 %



En definitiva, pódese concluír de xeito determinante, a ampla e positiva consideración e receptividade deste ITINERARIO VIRTUAL Formativo en Xénero por parte dunha ampla representación da comunidade universitaria, principalmente entre o alumnado e o persoal investigador feminino. En efecto, o balance, tanto desde a Unidade de Igualdade como desde a Área de Formación e Innovación Educativa, é moi positivo, por una banda, pola cantidade de persoas inscritas, que amosa o grande interese e demanda da formación en xénero, e por outra banda, polas avaliacións das persoas que remataron os cursos, pois o 90 % considera o itinerario ben ou moi ben e aínda que non son todas as persoas inscritas resulta una mostra significativa e bastante extrapolable á maioría.

Promover a perspectiva de xénero de xeito transversal e incorporar os valores igualitarios na formación académica do alumnado é un dos obxectivos perseguidos neste Itinerario. Nese senso, a resposta que tivo a comunidade universitaria a estas proposta formativa, significa que a nosa institución está a camiñar de xeito máis firme, se cabe, pola senda da inclusión da perspectiva de

xénero no coñecemento científico, o que está a incrementar a excelencia e o rigor da nosa universidade.

d. Conclusións finais e respostas abertas

En relación as preguntas de respostas abertas deste cuestionario de valoración do Itinerario, é importante subliñar as reiteradas mensaxes nos que se traslada un agradecemento e parabéns pola aposta por ofrecer esta formación en xénero, tanto en referencia aos contidos como tamén a estrutura.

Moitas das persoas que se formaron con este Itinerario salientan os acertos na selección das achegas e coñecementos dos feminismos actuais, a calidade dos contidos que califican de moi interesantes, sinxelos e necesarios.

En xeral, resaltan a clarificación da exposición de conceptos, tanto nos vídeos como nos textos, e a adquisición de novos e sorprendentes coñecementos aos que xuzgan como «**de gran interese, moi amenos, claros, agradables e eficaces**».

Respecto aos contidos de cada un dos cursos, as estimacións son en xeral *excelentes*, destacando algunha parte dos contidos sobre outras ou a alta capacidade pedagóxica da docente. Tamén son moitos os comentarios que amosan a súa satisfacción coa propia estrutura do itinerario: que sexa un MOOC, que permita descargar os pdf, vídeos, test de avaliación etc.

As suxestións para mellorar a estrutura e contidos do Itinerario teñen que ver con cuestión técnicas, tales como que se podan descargar todos os textos nun único pdf, poder visualizar de novo os vídeos, simplificar o cuestionario de valoración final, etc.

Tamén suxiren cuestións respecto á ampliación dos recursos didácticos, tales como fornecer dun repositorio de obras feministas de acceso permitido, facer clubs de lectura, favorecer a interacción alumnado-docente, implantar algunha conferencia en liña, ou ofrecer máis recursos complementarios prácticos; como suxestións de carácter xeral, aparecen demandas tales como facer todo os cursos en galego, coñecer máis sobre os perfís profesionais das docentes expertas, implicar a novo profesorado da UVigo etc.

Realmente interesante, un temario muy completo pero sobre todo destacar lo bien explicado que está en los vídeos por parte de la docente, y agradecer también los apuntes en PDF que permiten seguir y ampliar los conocimientos, y sobre todo poder consultarlos en el futuro

Propociona unha visión histórica de grande interese, xa que pón de manifesto a sacrificada loita de moitas mulleres por acadar a igualdade tal e como a vivimos na actualidade. Ademais achega unhas pautas para aprender a expresarse sen facer diferenzas, das que moitas veces non somos conscientes

Los vídeos explicativos son muy útiles. Me gustó que fuéramos siendo evaluados poco a poco para interiorizar lo aprendido. Está bien poder guardar los PDFs para poder consultarlos si queremos más adelante”

Hai varios aspectos positivos a resaltar con respecto deste curso formativo. En primeiro lugar cabe mencionar a facilidade de manexo da páxina, así como a adecuación da estrutura dos contidos a traballar. En segundo lugar, penso que é interesante dispoñer de material audiovisual explicativo, pois permite amenizar a formación. Tamén valoro positivamente a posibilidade de descargar os contidos teóricos, así como a achega de enlaces externos que permiten completar o aprendido

Vexo moi ben que dende a Universidade de Vigo e a súa Área de Igualdade se poñan en práctica cursos desta temática pois considero que non era para nada xusto que para poder formarnos neste ámbito tivéssemos que recorrer a fontes externas á Universidade. Sei que se organizan cursos presenciais con temáticas diversas pero estes cursos penso que son un bo punto de partida inicial para coñecer as bases da educación no eido da igualdade.

O feito de ser online e podelo realizar ó ritmo de cada persoa e dende o fogar. Gustoume moito, é o primeiro curso que fago na rede. Encántame que cursos deste tipo se impartan dende as Universidades

En xeral, as valoracións e os comentarios recibidos son moi positivos en relación a propia oferta formativa, a calidade dos contidos, a elección das expertas docentes e a estrutura do Itinerario, tal e como se reflicte no anterior gráfico onde aparecen algúns dos comentarios extraídos do cuestionario.

Vigo, a 23 de xuño de 2020